

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 23 de maio de 2024.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Este mes, por acordo adoptado no Pleno do día 26 de abril de 2024, terá lugar o xoves, 23 de maio de 2024.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural en sesión **ordinaria**, para o **día 23 de maio de 2024**, ás 17:10 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2024/28M/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de abril de 2024.

2. 2024/2866Z PRESIDENCIA

Cambio do modo de xestión do servizo público, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local da Deputación Provincial de Ourense.

3. 2024/3069X PRESIDENCIA

Aprobación do Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os entes locais da provincia para que a Deputación preste, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, o servizo de recollida de animais abandonados.

4. 2024/5188J PRESIDENCIA

Aprobación do Programa de cooperación coas entidades locais da provincia de Ourense para o servizo de recollida de animais abandonados para o exercicio 2024.

5. 2023/15347X PRESIDENCIA

Dación de conta do acordo da XG de expropiación forzosa para a execución das obras de “acondicionamento da OU-0304 A Armada (OU-404) – Astariz (OU-402) entre os puntos quilométricos 5+200 e 10+300, (fase 2). Concello de Castrelo de Miño”.

6. 2023/19091M PRESIDENCIA

Dación de conta do acordo da XG de expropiación forzosa para a execución das obras de “acondicionamento e mellora integral na OU-0102 Xunqueira de Ambía - Polígono San Cibrao. Concello de Xunqueira de Ambía”

7. 2024/7610C PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular para demandar ao Goberno de España a construción da estación ferroviaria de mercadorías no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas.

8. 2024/7620F PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular para dotar neste 2024 ao 100% dos fogares ourensáns con conexión de fibra óptica.

9. 2024/7644P PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para a posta en marcha dun plan propio da Deputación de Ourense de axudas destinadas a concellos de menos de 20.000 habitantes para a compra e rehabilitación de vivendas para aluguer ou uso social.

10. MOCIÓN DE URXENCIA.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

